



**TRÁMITE : Certificado do acordo.**

José Carlos Castiñeira Piñeiro, Secretario do Concello de Pontevedra, CERTIFICO que, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 19.06.2019, adoptouse o seguinte ACORDO que, na súa parte dispositiva literalmente, di:

**2.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS DELEGADAS. PERIODICIDADE**

Seguidamente o Sr. Secretario dá lectura á proposta da Alcaldía, matizando no punto cuarto que as comisións do pleno contarán con un Vicepresidente 1º e un Vicepresidente 2º.

A continuación, o Pleno do Concello, por unanimidade (25), presta a súa aprobación á proposta da Alcaldía de data 15.06.2019 coa modificación sinalada pola Secretaría e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Establécense as seguintes Comisións Permanentes Ordinarias, coa denominación e competencias que de seguido se relacionan, e sen prexuízo daquelas outras atribucións de carácter resolutorio que lle delegue, no seu caso, o Pleno da Corporación de conformidade co establecido no artigo 123.4 da Lei 7/1985, e demais que lle correspondan segundo a Lei.

Así mesmo, relaciónanse as Comisións especiais que resultan obrigadas segundo a Lei.

Comisións:

1.- Comisión de Réxime Interior, Participación, persoal e Xurídica.

Terá as seguintes competencias: Réxime Interior, Persoal, Matadoiro, Mercados, Venda ambulante, Defensa Xurídica e participación.

2.- Comisión de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Medio Ambiente:

Terá as seguintes competencias: Ordenación do Territorio, Planeamento, Xestión e disciplina Urbanística e Medio Ambiental, Licenzas, Patrimonio Histórico.

3.- Comisión Benestar social, cultura e dinamización sociocultural.

Terá as competencias correspondentes ás materias enunciadas, así como ensino, deporte, xuventude, igualdade e normalización lingüística.

4.- Comisión de Mobilidade, Infraestruturas, Obras e Servizos.

Terá as competencias correspondentes ás materias enunciadas.

5.- Comisión de Economía e Facenda, e especial de Contas.

Terá as competencias correspondentes ás materias enunciadas, así como contratación, promoción económica e turismo.

Constituirase como Comisión de Contas e exercerá as competencias propias desta cando sexa necesario.

6.- Comisión Especial de Suxestións e reclamacións.

Terá as competencias sinaladas polos arts. 157 e ss. do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións.

Segundo.- Estarán formadas por 10 membros, incluído o seu Presidente efectivo e coa seguinte representación proporcional de cada grupo político municipal: 4 membros do grupo municipal do BNG, 3 membros do grupo municipal do PP, 2 membro do grupo municipal do PsdG-PSOE; 1 membro do grupo municipal mixto (Ciudadanos).

Terceiro.- A adscripción concreta a cada Comisión dos membros da Corporación, que deban formar parte das Comisións creadas, realizarase mediante escrito do portavoz de cada



grupo municipal do que se dará conta ó Pleno, podéndose e aconsellándose designar 1 suplente por cada titular.

O nomeamento dos membros atendendo as propostas de cada grupo municipal realizarase polo Alcalde-Presidente do Pleno, dentro do prazo de 5 días, dando conta ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.

Cuarto.- O Alcalde, previa elección efectuada no seno da Comisión dun Presidente e un Vicepresidente 1º e un Vicepresidente 2º para casos de urxencia, enfermidade, incompatibilidade ou outro motivo, poderá delegar a Presidencia efectiva nos membros das comisións elixidos, procedendo o nomeamento dos Presidentes e Vicepresidentes 1º e Vicepresidentes 2º.

Quinto.- As Comisións Permanentes celebrarán sesións ordinarias segundo se precisa:

- As comisións 2 e 4 celebrarán as súas sesións ordinarias os martes alternos ás 11 horas.
- As comisións 1 e 5 celebrarán as súas sesións ordinarias os mércores anteriores ao pleno ordinario, ás 13 e 12 horas respectivamente.
- A comisión 3 celebrará as súas sesións ordinarias os xoves alternos ás 11 horas.

Non obstante, mantendo a periodicidade sinalada, na súa sesión constitutiva a propia comisión poderá variar os días e horas en concreto.

Sexto.- Realizada a adscrición dos membros da Corporación ás Comisións creadas, procederase á constitución das Comisións baixo a presidencia do Alcalde, como presidente nato, en sesión convocada para os efectos e na que terá lugar a elección do seu presidente efectivo.

E para que conste, coa reserva á que se refire o artigo 92.2 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións (BOP 248, de 28 de decembro de 2005), expido a presente certificación, visada polo Alcalde, en Pontevedra ao día da sinatura.

